

> **aentrevista**

“En Galicia estanse facendo as cousas ben. Ten unha vantaxe: o mellor produto do mar do mundo”

FERRAN ADRIÀ
COCIÑEIRO E INVENTOR
DA COCIÑA MOLECULAR

> O catalán Ferran Adrià sacou un libro “para xente normal”, no que explica como cocinar gastando 3 ou 4 euros por menú

El Progreso Marta Menán

O afamado fundador do Bulli, Ferran Adrià, catalán do 62, vén de publicar o libro *La comida de la familia*, adicado á gastronomía doméstica ao alcance de todos.

P ¿Que é o que propón?

R Un libro de cociña normal para xente normal, que se converte nunha reflexión sobre os cambios que hai na sociedade. Xorde da experiencia de dar de comer diariamente ás 75 persoas do Bulli, fantasticamente e gastando tres ou catro euros por cabeza.

P Ten socios de orixe galega, os Iglesias. ¿Que lle achegaron?

R Son xente moi seria. A sociedade funciona moi ben porque eles se dedican ao traballo de números, organizativo... o que nos permite, ao meu irmán e a min, adicarnos ás tarefas creativas.

P ¿Que pensa da cociña galega?

R Ten en Cataluña unha boa representación, e o seu recoñecemento creceu nos últimos cinco anos. Galicia posúe unha vantaxe indiscutible: conta co mellor produto do mar do mundo.

P ¿Falta que Galicia o crea?

R As cousas están a facerse ben,



Adrià cre que en España non hai realidades absolutas, tampouco na cociña. > AEP

pero non se fan nun día. Falta tempo, e Francia lévanos catro séculos de vantaxe.

P ¿Os franceses alegráronse do peche do Bulli?

R Eu teño moito respecto por Francia, pero entendo que Espa-

ña abriu un camiño que permite a todos os países do mundo participar na gastronomía. Tanto Francia como España, as dúas vangardas que houbo, vanse atopar a partir de agora con moita competencia, porque así é o mundo de hoxe.

“O restaurante vaise converter nun centro de diversión máis”

P Todo o que gañe co libro irá para a súa fundación...

R Teño a oportunidade de xerar riqueza e, aínda que podería dedicarme a coleccionar deportivos e me gusta vivir ben, tamén podo compartir o que teño. Agora, o meu traballo non é gañar diñeiro, senón buscar fondos para a fundación.

P Incide na súa obra en que a comida debe ser sa.

R Comer san é comer de todo, sen excesos. Se o fas, non tes que facer dietas nin nada semellante. O cardiólogo Fuster di que antes se comía mellor e que hoxe, podendo comer incrivelmente ben, non o facemos, pero eu penso o contrario: antes non se comía.

P ¿Que outros cambios se produciron?

R A cea gaña terreo: moita xente quere traballar sen interrupcións, comer o mínimo para estar alimentado e, pola noite, dedicarse a actividades máis pracentes. Pero neste país non hai unha realidade absoluta, nin sequera á hora de sentar á mesa.

P ¿Cara a onde se encamiña a cociña?

R Cara á pluralidade, na que habrá de todo: desde a comida rápida ao máis sofisticado. E, sobre todo, a que os restaurantes se convertan nun lugar para divertirse, sen a solemnidade que tiñan antes. A xente ten moitos problemas e quere pasalo ben.

P ¿Como fai para manterse sempre actualizado?

R Falando moito coa xente, vendo como funciona o mundo e analizándoo todo. Moitas veces, facemos, facemos, facemos... e non nos damos de conta de nada. De calquera xeito, para min é algo normal, algo que forma parte do día a día. ¡Malo o que non é capaz de adecuarse aos tempos!

> **ruído**



MANUEL DARRIBA
ESCRITOR E
XORNALISTA

GLADIADORES

O home que perdeu as eleccións, autoinmolándose en nome do PSOE, non presentaba signos externos das feridas no momento de emitir o parte de guerra. O sangue non zarrapicou a ningún dos que o vitoreaban. Era a elegancia do vello fondista no remate da carreira ao abismo. Probas así fican exentas de control antidopaxe: o menú tivo que ser de luxo para un ritmo de ata seis mitins diarios. Cando o PSOE o escolleu como o seu Máximo había aínda un retallo de ilusión, pero nas últimas semanas Ferraz foi un parque de caras sombrías, e o único soño posible limitábase ao guarismo 125. Para este masacre, mellor sería que Zapatero fixera o bonzo. Pero Bambi sempre estivo rodeado de gladiadores leais, dispostos a pisar a area por diante. O outro Máximo, o que acolleu nos brazos o cerviño cando empezaba a camiñar, loitaba desta volta demasiado tocado. A campaña de acoso e Dorribo daba ganas de pousar o escudo e cantar por Jeannette, “Soy corrupto porque El Mundo me ha hecho así”. A amazona mediterránea aínda vai tardar. Agora gaña o gladiador máis cuberto de coiteladas amigas, as cicatrices pudicamente disimuladas en traxe de corte. O Estado de benestar é o capacho de Moisés polo río abaixo, e entre os xuncos da ribeira intúese o brillo das espadas. Ben afiadas, listas para cortar.

Campus de Invierno Fundación Celta de Vigo

Quieres entrenarte como un futbolista profesional?



Llama e infórmate en el 902 104 404 o en info@fundacioncelta.com

celta
dvigo

del 26 al 30 de Diciembre
desde los 4 años, todas las categorías

Colaboran:

adesias



Coca-Cola



CITROËN



INDIA



COPASA



Desubir



novacaja galicia



novacaja galicia



novacaja galicia

